

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

**2742** *Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora.*

O artigo 30.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo (en diante LIIC), determina que, para os efectos estatísticos e de facilitar información sobre o seu perfil de risco e os activos en que inviste, a CNMV establecerá categorías de institucións de investimento colectivo (en diante IIC) en función da vocación investidora destas dentro dos activos previstos no artigo 30 da LIIC. Con esta circular dáse cumprimento á devandita previsión e substitúese a clasificación existente de vocación investidora dispoñible desde xaneiro de 2002.

Para estes efectos, entenderase como categoría dunha IIC a unión do tipo e a vocación investidora da IIC.

Considéranse tipos de IIC os fondos e as sociedades de investimento ordinarias, as IIC subordinadas, as que invisten maioritariamente noutras IIC, as IIC que replican ou reproducen un determinado índice bolsista ou de renda fixa e os fondos cotizados.

As vocacións investidoras en que se deberán enmarcar as IIC aparecen no anexo desta circular.

Co desenvolvemento desta circular preténdese, entre outros, reducir o número de vocacións investidoras existentes e proporcionarlle ao investidor unha información clara e concisa da política de investimento da IIC, así como incorporar algunhas matizacións nas definicións dalgunhas vocacións para adaptalas á situación real do sector de investimento colectivo español. Pola súa vez, inclúense unha serie de criterios para definir a que vocación investidora pertence cada IIC.

Así mesmo, a través desta circular lévase a cabo a modificación da Circular 2/1998, do 27 de xullo, sobre requirimentos de información estatística ás institucións de investimento colectivo da Unión Monetaria Europea no relativo á definición da vocación monetaria.

Por todo o anterior, e ao abeiro da habilitación directa conferida á Comisión Nacional do Mercado de Valores no punto 2 do artigo 30 da LIIC, e logo de informe do Comité Consultivo, esta circular regula as categorías das IIC.

Na súa virtude, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa reunión do 4 de febreiro de 2009, e de acordo co Consello de Estado, dispuxo o seguinte:

*Norma primeira. Ámbito de aplicación e obxecto.*

Esta circular regula as categorías en que se poden clasificar os fondos e sociedades de investimento colectivo de carácter financeiro, en función da súa forma xurídica, do seu perfil de risco e dos activos en que invisten e aos cales fai referencia o artigo 30 da LIIC.

*Norma segunda. Definición das categorías de IIC.*

Defínese como categoría dunha IIC, para os efectos desta circular, a unión do tipo e a vocación investidora da IIC.

Consideraranse como distintos tipos de IIC, ademais dos fondos e sociedades de investimento ordinarias, as IIC subordinadas, as IIC que invistan maioritariamente noutras IIC, as IIC que repliquen ou reproduzan un determinado índice bolsista ou de renda fixa e os fondos cotizados regulados no artigo 49 do Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro (en diante RIIC).

As vocacións investidoras das IIC serán as establecidas no anexo desta circular.

Norma terceira. *Criterios para a determinación e publicidade entre os investidores das vocacións investidoras das IIC.*

Para os efectos desta circular establécense os seguintes criterios para a determinación e publicidade entre os investidores das vocacións investidoras das IIC:

a) A clasificación determínase pola política de investimento da IIC definida no seu folleto explicativo, e non pola composición da súa carteira. No caso das IIC que invistan noutras IIC, terase en conta o carácter das IIC subxacentes para os efectos de definir a política de investimento da IIC investidora.

b) Teranse en conta os investimentos de contado e tamén os de derivados.

c) O prazo da carteira de renda fixa establécese en función da duración media da carteira de contado e dos derivados.

d) As IIC deberán cumprir a política de investimento contida no folleto. Non obstante, é admisible de forma excepcional e transitoria a inclusión na súa carteira de activos de menor risco aínda que non se axusten aos coeficientes declarados no seu folleto. Para os efectos desta circular, considerarase que esta situación é transitoria cando non transcorran máis de tres meses desde a data do investimento.

e) No caso dun incumprimento sobrevido da política de investimento do folleto da IIC, a entidade aplicará os mesmos prazos recollidos no artigo 38.8 do RIIC para adaptar a súa carteira á política de investimento recollida no seu folleto.

f) Ante a posibilidade de inclusión dunha IIC en dúas vocacións investidoras, a dita IIC encadrarase na de maior risco. No caso de que puidese estar en tres vocacións, clasificaríase na vocación global.

g) As participacións preferentes considéranse activos de renda fixa. Os bonos convertibles asimílanse a un activo de renda fixa que incorpora un derivado con subxacente de renda variable.

h) Para calcular as porcentaxes de investimento que definen as distintas vocacións investidoras, considérase como base de cálculo o patrimonio da IIC.

i) Aquelas IIC incluídas na vocación de renda variable internacional que invisten maioritariamente nunha área xeográfica concreta (Europa, EUA, Xapón ou países emerxentes) ou nun sector económico concreto segundo a política de investimento definida no seu folleto, deberán incluír na súa denominación algunha palabra que reflecta esta particularidade para maior transparencia cos investidores.

j) Todas aquelas IIC que cumpran os requisitos exixidos aos monetarios se clasificarán necesariamente na devandita vocación.

k) A denominación «monetario» ou similares será exclusiva das IIC que cumpran coas características desta vocación.

l) Á información que se lles subministre aos investidores sobre a vocación investidora engadirase a correspondente ao perfil de risco e, de ser o caso, ao carácter de IIC que inviste maioritariamente noutras IIC.

Norma adicional.

Establécese a seguinte nova redacción para a norma 1.<sup>a</sup> da Circular 2/1998, do 27 de xullo, sobre requirimentos de información estatística ás institucións de investimento colectivo da Unión Monetaria Europea:

«Norma 1.<sup>a</sup> *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación a todos os compartimentos, ou fondos e sociedades de investimento no caso de que estes carezan de compartimentos inscritos no Rexistro da CNMV, cuxa política de investimento ou vocación sexa monetaria de acordo co establecido no anexo da Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da CNMV, sobre as categorías de IIC en función da súa vocación investidora.

Así mesmo, tamén será de aplicación a aqueles cuxa política de investimento ou vocación sexa a de investir en compartimentos, fondos ou sociedades de investimento monetarios, e a aqueles compartimentos, fondos e sociedades de investimento que en

cada momento se atopen incluídos na lista de institucións financeiras monetarias (IFM) publicada polo Banco Central Europeo.»

Norma transitoria.

Na data de entrada en vigor desta circular:

1. Ás IIC cunha vocación que non teña unha correspondencia na nova clasificación a CNMV asignaralles de oficio a nova vocación investidora derivada da nova clasificación. Non obstante, as xestoras ou as sociedades de investimento poderán, de ser o caso, solicitar a actualización do folleto informativo para asignar a vocación que corresponda á IIC segundo a súa política de investimento ou para cambiar a súa política de investimento e adaptala á nova definición dada á súa vocación investidora. A CNMV terá un prazo de tres meses para realizar a asignación das novas vocacións e comunicarllo á entidade.

2. Para o resto de IIC cuxa vocación investidora se mantén na nova clasificación, non será necesaria unha reasignación de oficio sen prexuízo de que a xestora ou sociedade de investimento deba actualizar o folleto informativo da IIC modificando a súa vocación ou, de ser o caso, adaptando a súa política de investimento se non cumpre cos requisitos establecidos para a súa vocación investidora na nova clasificación.

3. Cando un fondo de investimento vise modificada a súa vocación investidora como consecuencia da nova clasificación de vocacións, non será necesario informar mediante carta os partícipes nin outorgarlles dereito de separación de acordo co establecido no artigo 14.2 do RIIC.

Non obstante, a dita obriga existirá sempre que se produza un cambio na súa política de investimento.

4. A adaptación, de ser o caso, dos folletos informativos das IIC como consecuencia das novas vocacións de investimento producirase a medida que as SXIIC ou sociedades de investimento soliciten a actualización do folleto por algún outro motivo.

Exceptúanse desta regra os fondos con vocación monetario, que terán un prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta circular para adaptaren os seus folletos á nova definición ou, de ser o caso, para cambiaren a súa vocación investidora.

5. As IIC ás cales se aplique o establecido na alínea k) da norma 3ª desta circular disporán dun prazo de tres meses, desde a súa entrada en vigor, para adaptaren a súa denominación.

O prazo será de nove meses cando se trate de adaptar a denominación das IIC ás cales lles resulta de aplicación o disposto na alínea i) da norma 3ª.

Norma derradeira.

Esta circular entrará en vigor o día 1 de abril de 2009.

Madrid, 4 de febreiro de 2009.—O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Julio Segura Sánchez

## ANEXO

## Vocacións de investimento

Vocación	Definición
Monetario	Ausencia de exposición a renda variable, risco divisa e débeda subordinada. Debe aceptar subscripcións e reembolsos de participacións diariamente. Duración media da carteira inferior a 6 meses <sup>1</sup> . Mínimo do 90% do patrimonio en instrumentos con vencemento residual inferior a 2 anos. Ausencia de instrumentos con vencemento residual superior a 5 anos. Ausencia de exposición a activos con cualificación crediticia a curto prazo inferior a A2 <sup>2</sup> ou sen cualificación crediticia específica cuxo emisor conte con cualificación crediticia a curto prazo inferior a A2.
Renda fixa euro	Ausencia de exposición a renda variable; non foi clasificada a IIC dentro da vocación monetario. Máximo do 10% de exposición a risco divisa.
Renda fixa internacional	Ausencia de exposición a renda variable. Posibilidade de ter máis do 10% de exposición a risco divisa.
Renda fixa mixta euro	Menos do 30% de exposición a renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa non superará o 30%.
Renda fixa mixta internacional	Menos do 30% de exposición a renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa poderá superar o 30%.
Renda variable mixta euro	Entre o 30% e o 75% de exposición a renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa non superará o 30%.
Renda variable mixta internacional	Entre o 30% e o 75% de exposición a renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa poderá superar o 30%.
Renda variable euro	Máis do 75% de exposición a renda variable. Polo menos o 60% de exposición a renda variable emitida por entidades radicadas na área euro. Máximo do 30% de exposición ao risco divisa.
Renda variable internacional	Máis do 75% de exposición a renda variable, e non foi clasificado como renda variable euro.
IIC de xestión pasiva	IIC que replican ou reproducen un índice, incluídos os fondos cotizados do artigo 49 do RIIC, así como IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido.
Garantido de rendemento fixo	IIC para o cal existe garantía dun terceiro e que asegura o investimento máis un rendemento fixo.
Garantido de rendemento variable	IIC coa garantía dun terceiro e que asegura a recuperación do investimento inicial máis unha posible cantidade total ou parcialmente vinculada á evolución de instrumentos de renda variable, divisa ou calquera outro activo. Ademais, inclúe toda aquela IIC coa garantía dun terceiro que asegura a recuperación do investimento inicial e realiza unha xestión activa dunha parte do patrimonio.
De garantía parcial	IIC con obxectivo concreto de rendibilidade a vencemento, ligado á evolución de instrumentos de renda variable, divisa ou calquera outro activo, para o cal existe a garantía dun terceiro e que asegura a recuperación dunha porcentaxe inferior ao 100% do investimento inicial. Ademais, inclúe toda aquela IIC coa garantía dun terceiro que asegura a recuperación dunha porcentaxe inferior ao 100% do investimento inicial e realiza unha xestión activa dunha parte do patrimonio.
Retorno absoluto	IIC que se fixa como obxectivo de xestión, non garantido, conseguir unha determinada rendibilidade/risco periódica. Para iso segue técnicas de valor absoluto, «relative value», dinámicas...
Global	IIC cuxa política de investimento non encaixe en ningunha das vocacións sinaladas anteriormente.

1 A duración nos bonos con cupón variable calcúlase computando só o período ata a próxima revisión.

2 A2 por S&P ou equivalente.